



***Resolución do 14 de maio de 2019, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se convoca o Premio pola Igualdade Carmen López-Cortón 2019 para os centros docentes públicos***

A igualdade constitúe un dos principios reitores da lexislación educativa en canto instrumento a través do cal se vehiculan as políticas públicas dirixidas aos centros educativos. O preámbulo da Lei orgánica 2/2006 de educación, do 3 de maio, pon de manifesto que a educación é o medio de transmitir e de renovar a cultura e o acervo de coñecementos, así como os valores que a sustentan. Un dos principais fins que se persegue coa educación é a formación no respecto dos dereitos, das liberdades fundamentais e da igualdade efectiva de oportunidades entre mulleres e homes, así como a valoración crítica das desigualdades, de forma que sirvan para superar certos comportamentos sexistas.

No que respecta ao artigo 1 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece como principio da educación **“o desenvolvemento, na escola, dos valores que fomenten a igualdade efectiva entre homes e mulleres, así como a prevención da violencia de xénero”**. No artigo 2 dise que o sistema educativo se orientará á consecución de determinados fins, entre os que salienta a **“educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres”**.

En canto á lexislación educativa, tanto o Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia como o Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia fixan o obxectivo da igualdade entre mulleres e homes na sociedade como finalidade primordial dos distintos niveis educativos, incluíndo tamén diversas referencias nos contidos concretos dos currículos. Paralelamente, segundo o artigo 124 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, na súa redacción na Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa establece que o Plan de Convivencia de cada centro debe recoller accións para a resolución pacífica de conflitos con especial atención ás actuacións de prevención da violencia de xénero, igualdade e non discriminación. Así mesmo, a identificación das condutas contrarias á convivencia





deberán recoller o dato de se a causa ou a orixe dun caso de discriminación ou acoso pode estar baseado no xénero, na orientación ou na identidade sexual.

Para formalizar esta aposta, a nosa comunidade autónoma estableceu distintos compromisos curriculares a través do I Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia 2016/2020. Entre elas, figura a medida 18: “Ofertar unha materia de libre configuración autonómica para abordar a perspectiva de xénero na ESO e iniciar a análise para a súa inclusión na etapa de bacharelato”, onde se inscriben as materias de *Igualdade de Xénero* (1º/2º da ESO) e *Coeducación para o século XXI* (1º de bacharelato). Así mesmo, dentro deste apartado adicado ao aumento da oferta curricular cómpre lembrar o compromiso adquirido na medida 19 do devandito Plan: “Impulsar un ciclo formativo superior para incluír a perspectiva de xénero na FP”, onde se inclúe o Ciclo formativo superior de Técnico de Promoción de Igualdade de Xénero. Nesta mesma liña, esta Consellería desenvolve distintas actuacións en materia de igualdade vencelladas ao *Plan Proxecta* e *Contratos-programa*, así como un Plan específico de formación do profesorado.

En consecuencia, baixo o amparo do I Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020, a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional convoca o seu primeiro **Premio pola Igualdade Carmen López-Cortón**. O premio leva o nome dunha gran descoñecida, Carmen López-Cortón, co propósito, non so de descubrir a súa esquecida labor, senón tamén de incorporar novos referentes en prol da igualdade á comunidade educativa. Neste caso, López-Cortón, discípula da *Institución Libre de Enseñanza*, muller viaxada e políglota, formouse en Inglaterra e desde moi cedo amosou grande interese pola educación das mulleres. Mestra na ILE, publicou diversos traballos onde apostaba pola incorporación da muller á educación superior e promoveu actividades en prol da rapazada máis desfavorecida.

Esta primeira convocatoria xurde coa liña temática de traballo **Os estereotipos de xénero**. O principal obxectivo é fomentar a reflexión, a análise crítica e a detección dos estereotipos de xénero. Neste sentido, o premio pretende a adquisición por parte do alumnado dos coñecementos, as actitudes e a distancia crítica necesaria para unha análise do tratamento dos estereotipos de xénero no século XXI, especialmente nos medios de comunicación, a publicidade, a moda, as redes sociais e as novas tecnoloxías da información e da comunicación. A finalidade principal deste premio é que tanto os alumnos como as alumnas aprendan a identificar estereotipos de xénero, sexa de mulleres ou de homes, reflexionen





sobre este tema, afonden na alfabetización audiovisual e recoñezan identificadores de sexismo.

Os estereotipos de xénero supoñen un lastre para o desenvolvemento do alumnado presente e futuro, polo que cómpre fomentar a súa comprensión, recoñecer a súa incidencia, desenvolver estratexias e aprender ferramentas para superalos. Nesta liña son aspectos a tratar, por exemplo, unha identificación dos elementos de recoñecemento persoal, vital, profesional ou académico, que se valoran socialmente nos homes e nas mulleres.

Baixo este prisma, o obxecto deste concurso é a presentación dun proxecto para ser levado a cabo no curso 2019/2020 dirixido a educación primaria, educación secundaria, bacharelato ou formación profesional básica onde se describan os contidos, obxectivos, pautas metodolóxicas e materiais empregados con respecto á temática exposta nesta resolución. Valorarase especialmente unha visión transversal e, de ser posible, unha achega transcultural, integrando exemplos da publicidade, medios de comunicación etc, doutros países e linguas. Cómpre incidir na diversidade dos materiais traballados co alumnado (textos de ensaio e reflexión, pezas audiovisuais, textos e imaxes da prensa periódica, publicidade, fotografía etc.), así como a necesidade dunha achega crítica, onde o alumnado será conducido dun xeito pautado e estruturado polo profesorado participante no proxecto.

De acordo co anteriormente exposto, esta Dirección Xeral

RESOLVE:

### **Apartado 1. Obxecto e ámbito de aplicación**

Esta resolución ten por obxecto establecer as bases de participación e convocar o **Premio pola Igualdade Carmen López-Cortón 2019** para os centros docentes públicos de ensino non universitario da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.

### **Apartado 2. Categorías de participación**

Poderán participar no concurso todos os centros docentes públicos de ensino non universitario dependentes desta consellería. Establécense tres categorías de participación, en función do tipo de centro:





- **Categoría A:** destinada a 5º e 6º primaria.
- **Categoría B:** destinada a 1º e 2º da educación secundaria obrigatoria.
- **Categoría C:** destinada a 3º, 4º da educación secundaria obrigatoria, bacharelato e formación profesional básica.

Cada unha das categorías comprende aqueles centros que integren as ensinanzas indicadas: colexios rurais agrupados, centros de educación especial, colexios de educación infantil e primaria, colexios de educación primaria, centros públicos integrados, institutos de educación secundaria, centros integrados de formación profesional e centros públicos de educación e promoción de adultos.

Cada centro poderá presentarse a unha única categoría.

No que respecta á categoría A, o proxecto tratará o tema dos estereotipos de xénero vinculado aos roles de xénero, sexa no ámbito persoal ou público, como nas perspectivas profesionais asociadas aos homes e ás mulleres. Outro aspecto de interese é a iniciación dunha alfabetización audiovisual que protexa o alumnado da normalización das imaxes inadecuadas ou dun tratamento marcadamente estereotipado dos homes ou/e das mulleres.

No que respecta á categoría B e C débese priorizar unha achega a textos de ensaio e reflexión, pezas audiovisuais, textos e imaxes da prensa periódica, publicidade, fotografía etc., que procuren unha mirada crítica e transversal. Así mesmo, analizarase o tratamento dos estereotipos de xénero nos medios de comunicación, a publicidade, as redes sociais e as novas tecnoloxías da información e da comunicación.

### **Apartado 3. Premios, recoñecemento e dotación económica**

Concederanse, para cada categoría, catro premios: un primeiro, un segundo, un terceiro e un accésit, polos importes que figuran na táboa seguinte:





| Categorías | Premio    | Importe |
|------------|-----------|---------|
| A          | 1º premio | 5.000 € |
|            | 2º premio | 2.500 € |
|            | 3º premio | 1.000 € |
|            | Accésit   | 500 €   |
| B          | 1º premio | 5.000 € |
|            | 2º premio | 2.500 € |
|            | 3º premio | 1.000 € |
|            | Accésit   | 500 €   |
| C          | 1º premio | 5.000 € |
|            | 2º premio | 2.500 € |
|            | 3º premio | 1.000 € |
|            | Accésit   | 500 €   |

Os premios regulados nesta convocatoria serán atendidos con cargo á aplicación orzamentaria 10.20.423A.640.1 da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, dos orzamentos de 2019, por un importe total de 27.000 €.

Os premios poderán ser declarados desertos no caso de que non se atope a calidade suficiente do proxecto para outorgalos. Con carácter excepcional, e por acordo motivado, a comisión de selección poderá determinar a redistribución da contía de premios declarados desertos entre o resto de centros premiados.

Este premio é compatible coa concesión de calquera outro destinado a este mesmo obxecto. Os centros premiados co primeiro premio recibirán o distintivo de **Escola Igualitaria**, recoñecemento que pretende realzar as boas prácticas en prol da igualdade.

O premio será destinado ao desenvolvemento do proxecto no centro durante o curso 2019/2020. O 30 de xuño do 2020 deberá entregar unha memoria.

#### **Apartado 4. Prazo e lugar de presentación das solicitudes**

Cada centro docente poderá presentar unha soa solicitude de participación nestes premios. O prazo de presentación rematará o 17 de outubro do 2019.

A solicitude e documentación deben presentarse en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de novembro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Para os efectos de envío de solicitudes, o rexistro do centro non ten validez.





Ademais, deberase adiantar a través do correo electrónico unha copia da solicitude selada polo Rexistro, xunto cunha copia do proxecto, que será enviada antes do remate do prazo de solicitude ao seguinte enderezo electrónico: [participacioneducativa@edu.xunta.es](mailto:participacioneducativa@edu.xunta.es)

## **Apartado 5. Presentación da documentación**

Para participar nesta convocatoria será necesaria a presentación da seguinte documentación:

1. Solicitude dirixida ao director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa asinada pola persoa responsable da dirección do centro, segundo o modelo do Anexo desta convocatoria.
2. Certificación, asinada pola persoa responsable da dirección do centro, na que figuren os datos (nome, apelidos e DNI) dos docentes que se presentan ao premio. Entre estes docentes designarase unha persoa coordinadora, que se responsabilizará da documentación e a organización da información que se incorpora ao proxecto que se presente.
3. Proxecto para desenvolver no curso 2019/2020. O proxecto estará elaborado polo equipo de docentes que se presenten a este premio. Ocupará unha extensión aproximada de 20 páxinas numeradas, tipografía Arial 11, interlineado 1,5. Poderanse incluír fotografías, gráficos e ligazóns. Presentarase en calquera formato dixital editable como a continuación se indica:
  - a. Portada (título, categoría de participación, código do centro, nome do centro, concello e provincia)
  - b. Índice (paxinado)
  - c. Introducción (máximo 3 páxs.)
  - d. Contidos
  - e. Profesorado participante, identificando a persoa coordinadora e as funcións realizadas por cada docente, relacionadas directamente coa súa área de coñecemento. Precísase, como mínimo, 3 docentes, incluíndo o/a coordinador/a.
  - f. Fases do proxecto: este apartado inclúe unha descrición das fases de desenvolvemento do programa en relación aos contidos a tratar, cunha explicación dos materiais empregados, as achegas tratadas e unha previsión de actividades. Valorárase especialmente que este apartado sexa o máis pormenorizado posible.





g. Proposta de visibilización das actividades realizadas en relación ás canles das que dispón o centro ou as empregadas habitualmente: web do centro, actividades de difusión das actividades, blog, redes sociais, publicacións en revista escolar etc.

h. Valoracións finais.

Se é o caso, poderase presentar documentación física para achegar produtos que non sexan susceptibles de visibilizarse nunha plataforma dixital.

## **Apartado 6. Comisión de selección**

A comisión de selección estará formada por:

- Presidencia: subdirector xeral de Ordenación e Innovación Educativa e Formación do Profesorado, ou persoa en quen delegue.
- Vogais:
  - Xefa de servizo de Ordenación, Convivencia e Participación Educativa.
  - Tres persoas asesoras do servizo de Ordenación, Convivencia e Participación Educativa, unha delas actuará como secretario/a.

## **Apartado 7. Criterios de valoración**

A valoración realizarase unicamente a través do proxecto presentado a esta convocatoria. Teranse en conta todos aqueles aspectos que fomenten a reflexión crítica, a diversidade de materiais e o afondamento na temática. Non se valorarán aspectos retóricos, descrições baleiras e teorías pedagóxicas sen visibilidade da súa aplicación na aula co alumnado.

Os criterios de valoración para a concesión dos premios serán:

1. Aspectos formais: presentación, calidade lingüística e técnica (ata 30 puntos).
2. Calidade do contido, dos materiais e das achegas metodolóxicas (ata 50 puntos).
3. Ter participado nalgunha convocatoria do Plan Proxecta, na área de Igualdade, ou en Contratos-programa (ata 10 puntos).
4. O centro oferta as materias de libre configuración “Igualdade de Xénero” ou “Coeducación para o Século XXI”, ou análogas (ata 10 puntos).





## Apartado 8. Resolución

A comisión de selección, unha vez avaliadas as solicitudes presentadas, emitirá unha resolución provisional dos premios concedidos. Esta resolución provisional poderá consultarse no portal educativo da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional (<http://www.edu.xunta.es/portal/>).

A partir do día seguinte ao da publicación da resolución provisional dos premios, abrirase un prazo de cinco días hábiles para que se poidan presentar as alegacións ou reclamacións que se consideren oportunas. Unha vez revisadas esas alegacións ou reclamacións, a comisión elevará a proposta definitiva de resolución dos premios concedidos ao director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, quen ditará resolución. A resolución definitiva de concesión de premios, na que se indicarán os centros gañadores e o importe do premio asignado a cada un deles, publicarase no portal educativo (<http://www.edu.xunta.es>).

O prazo para resolver as solicitudes correspondentes ás accións desta resolución será de tres meses e comezará a contar desde o día seguinte á data de remate do prazo de presentación de solicitudes. Transcorrido este prazo sen que se dite resolución expresa, os/as interesados/as poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo.

Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, as persoas afectadas poderán interpor recurso de alzada perante a conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación na web desta consellería, segundo o disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Os centros gañadores desta convocatoria deberán enviar unha memoria xustificativa do proxecto levado a cabo en formato dixital ao correo [participacioneducativa@edu.xunta.es](mailto:participacioneducativa@edu.xunta.es), antes do 30 de xuño de 2020. A memoria recollerá o grao de cumprimento do proxecto inicial, as novas achegas, actividades ou materiais empregados. Como resultado final do proxecto, o alumnado deberá chegar obrigatoriamente, guiado polo profesorado, á **redacción dun decálogo de boas prácticas para evitar os estereotipos de xénero ou unha relación de graos de detección de estereotipos de xénero**. Este requisito explícase pola necesidade de







potenciar unha achega resolutiva, derivada dunha reflexión crítica previa. Este decálogo de boas prácticas ou relación de niveis de detección de estereotipos de xénero unicamente deberá ser incluído na memoria presentada no ano 2020 polo proxecto gañador, posto que é resultado do traballo compartido entre alumnado e profesorado ao longo do proxecto.

A Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa facilitará o modelo para a elaboración da devandita memoria que reflicta os seguintes apartados:

1. Portada (título, categoría de participación, código do centro, nome do centro, concello e provincia).
2. Índice (paxinado).
3. Certificación de que o centro conta con autorización para o uso das imaxes dos menores participantes no traballo, se as houber. Este documento tamén o asinará a persoa responsable da dirección do centro.
4. Contexto. Expresarase a necesidade ou dificultade que motivou a posta en práctica do proxecto e, de ser o caso, o seu vínculo co contexto socioeducativo do alumnado.
5. Profesorado implicado. Descrición das funcións reais realizadas polo profesorado.
6. Descrición dos materiais e actividades realizadas en cada unha das fases do proxecto.
7. Exposición das dificultades e logros do proxecto.
8. Produto final: decálogo de boas prácticas para evitar ou paliar os estereotipos de xénero ou unha relación de graos de detección de estereotipos de xénero.
9. Avaliación. Valoración do logro acadado polo alumnado e polo profesorado. Indicaranse tamén as perspectivas de mellora do proxecto.
10. Impacto. Visibilidade do proxecto, presenza pública a través dos medios de comunicación, nas redes sociais e publicacións, exposicións etc.

As características formais serán similares ás da presentación do proxecto (artigo 5).

### **Apartado 9. Certificación do profesorado**

A Consellería de Educación, Universidade e Formación profesional concederá, segundo a normativa vixente, ao profesorado implicado dos centros premiados nesta convocatoria unha certificación de premio de innovación educativa cunha equivalencia de 30 horas de formación permanente do profesorado para o docente coordinador e 20 horas para o profesorado participante.





## **Apartado 10. Pagamento dos premios**

O pagamento do importe correspondente aos premios farase en base ao seguinte procedemento:

1. As contías asignadas por estes premios serán transferidas aos centros nun único pagamento, no período correspondente ao exercicio económico 2019.
2. O importe concedido a cada centro premiado deberá destinarse a sufragar gastos que estean debidamente xustificadas e imputables a posta en práctica do proxecto gañador.
3. Os gastos teñen que realizarse na súa totalidade antes do 31 de decembro de 2019 e serán debidamente xustificadas ante a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa. A xustificación de gasto consistirá nunha certificación da dirección do centro educativo na que consten a relación dos gastos efectuados. As facturas correspondentes serán custodiadas nos centros educativos e poderán ser solicitadas pola Administración.
4. A non entrega da memoria final do proxecto no prazo indicado poderá ser causa de revogación da cantidade asignada e deberase proceder ao reintegro da cantidade percibida, sen prexuízo das responsabilidades que se poidan esixir

## **Apartado 11. Compromisos do centro e do profesorado participante**

1. Os centros premiados que desenvolverán o seu proxecto durante o curso 2019/2020 comprométese a participar nas accións de difusión e publicación que se organicen, así como a cesión a favor da Consellería dos dereitos de edición dos materiais educativos relacionados co desenvolvemento do programa no centro. Estes materiais difundiranse baixo a licenza “Creative Commons” que sexa *BY-NC-SA* que combine as propiedades “recoñecemento”-“non comercial”-“compartir igual”.
2. No caso de que o equipo gañador decidise publicar os traballos premiados por outras vías, deberán solicitar o permiso correspondente á Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa. De ser a resposta positiva, na publicación deberá constar expresamente o premio concedido. Así mesmo, o equipo de profesores gañador se comprometerá a realizar as modificacións precisas nos documentos finais e/ou subministrar os ficheiros de





código fonte necesarios para que poidan ser publicados total ou parcialmente no formato máis axeitado.

3. O seguimento dos proxectos poderá incluír visitas aos centros polo persoal que determine a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.

## **Apartado 12. Datos de carácter persoal**

1. Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia - Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da xestión deste procedemento.
2. O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme á Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación e a norma que a desenvolve, no propio formulario anexo e nas referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas.
3. A sinatura e presentación da solicitude implica o consentimento para o tratamento dos datos persoais.
4. A fin de darlle a publicidade esixida ao procedemento, os datos identificativos das persoas interesadas serán publicados conforme ao descrito na presente norma reguladora a través dos distintos medios de comunicación institucionais dos que dispón a Xunta de Galicia como Diarios Oficiais, páxinas web ou taboleiros de anuncios.
5. As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. Os datos de contacto coa persoa delegada de protección de datos están accesibles no seguinte enderezo [https:// www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais](https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais)
6. No caso de existir diferentes referencias normativas en materia de protección de datos





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE  
E FORMACIÓN PROFESIONAL  
Dirección Xeral de Educación,  
Formación Profesional e Innovación Educativa

galicia

persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento (UE) 2016/679, Xeral de Protección de Datos ou a Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais.

Santiago de Compostela, 14 de maio de 2019

Manuel Corredoira López

O director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

